

# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA



**MAXIMINO ZUMALAVE**  
DIRECTOR

**NEMANJA RADULOVIC**  
VIOLÍN



AUDITORIO DE GALICIA. XOVES 9 DE FEBREIRO DE 2012 21.00 h

EDUARD TOLDRÀ (1895-1962)

**Vistes al mar**

*A xesta – Allegro con brio*

*Nocturno – Pensamento; moi*

*pouco a pouco*

*O mar estaba alegre. Molto vivace*

SERGEI PROKOFIEV (1891-1953)

**Concerto para violín núm. 2 en sol menor, op. 63**

*Allegro moderato*

*Andante assai-Allegretto*

*Allegro, ben marcato*

**Nemanja Radulovic, violín**

FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)

**Sinfonía núm. 31 en Re maior**

*Allegro*

*Adagio*

*Menuetto-Trio*

*Finale: moderato molto*

Duración aproximada do concerto: unha hora, corenta e cinco minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia iniciou a súa actividade en 1996 no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela), onde presenta a súa temporada estable de concertos. O seu primeiro director titular foi Helmuth Rilling, quen, dende 1996 até o ano 2000, traballou partindo do repertorio sinfónico clásico austro-alemán. Antoni Ros Marbà, director titular dende o ano 2000, afondou nesa liña ademais de incorporar á orquestra un repertorio internacional máis amplo que, de xeito singular, inclúe encargos a compositores galegos.

Ademais do mestre compostelán Maximino Zumalave, director asociado e vinculado á RFG dende o seu inicio, e do director británico Paul Daniel, principal director invitado, tamén dirixen a RFG outros directores como Frans Brüggen, Juanjo Mena ou Hansjörg Schellenberger, entre outros. Do mesmo xeito xunto á RFG actuaron os mellores intérpretes, por exemplo Frank Peter Zimmermann, Daniel Hope ou Vadim Repin (violín), Natalia Gutman, Lluís Claret ou Enrico Dindo (violoncello), Joaquín Achúcarro, Rudolf Buchbinder ou Eldar Nebolsin (piano) e cantantes como Teresa Berganza, Thomas Quatshoff ou Matthias Goerne.

Como actividade externa, a presenza nas cidades galegas así como no resto de España é de capital importancia, do mesmo xeito que as xiras internacionais que realizou (Austria, Alemaña, Francia, Brasil, Arxentina e, especialmente, Portugal). Paralelamente, potencia a súa actividade en Santiago cun ciclo de cámara organizado en colaboración coa Universidade de Santiago, e cos concertos didácticos que desde 1996 organiza co Auditorio e que posibilitan que cada ano ao redor de 7.000 escolares poidan achegarse á música sinfónica.

En 2009 a RFG presentou dous traballos discográficos inéditos adicados a Manuel de Falla e Frederic Mompou, editados, respectivamente, polos selos Claves e Warner.

Estreitamente vinculada á RFG está a Escola de Altos Estudos Musicais que imparte o Curso Avanzado de Especialización Orquestral, cos músicos da RFG como profesores.

A RFG está xestionada administrativamente polo Consorcio de Santiago e forma parte da Asociación Española de Orquestras Sinfónicas (AEOS).

### **Maximino Zumalave, director**

Director e pianista compostelán, licenciado en Ciencias Biolóxicas. Formado musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia e director Asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de sintonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Dirixiu a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, a Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Oporto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, a Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada entre outras.

Estreou obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, e de compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, de Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño.

En 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nuestra Señora del Rosario, e en 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.

### **Nemanja Radulovic, violín**

Foi nomeado "Revelación Internacional do Ano" nas Vitorias da Música de 2005. En 2006 debutou na Sala Pleyel de París coa Orquestra Filharmónica de Radio France e o mestre Myung-Whun Chung. Colabora coas máis prestixiosas orquestras de Europa, Asia e América. Ofrece regularmente recitais con Marielle Nordmann, Susan Manoff, Dominique Placade, Laure Favre-Kahn, Anne Gastinel e os seus grupos The Devil's Trills e Double Sens. Gañou, entre outros, o premio internacional Yehudi Menuhin. Gravou un CD para violín só en colaboración co selo TransArt Live galardoado co premio Diapasón, e os dous Concertos para violín de Mendelssohn coa Orquestra de Cámara de Praga. Publicou "The 5 Seasons" con *As Catro Estacións* de Vivaldi, e a estrea mundial da obra de Aleksandar Sedlar "Spring in Japan". Nacido en Serbia en 1985, empezou os seus estudos musicais en 1992, obtendo en 1996 o "Premio de Outubro da Cidade de Belgrado" ademais do Premio Especial "Talento do Ano 1997" do Ministerio de Educación da República serbia. Asistiu a clases maxistras impartidas por Yehudi Menuhin,

Salvatore Accardo, Joshua Epstein e Dejan Mihailovic. Perfeccionouse no Conservatorio Nacional de París con Patrice Fontanarosa. Nemanja Radulovic toca un violín de J. B. Vuillaume de 1843.

### **E. Toldrá: *Vistes al mar***

A carreira musical do polifacético Eduardo Toldrá, membro dunha ilustre xeración de compositores cataláns na que sobresaen nomes como Mompou, Gerhard, Blancafort ou Lamote de Grignon, pode dividirse en tres etapas. Se a primeira quedou marcada pola súa fecunda actividade como violinista e a última, inscrita entre os anos 40 e a súa morte, estivo consagrada sobre todo á dirección orquestral, a segunda viu nacer o máis selecto da súa produción. A este período pertencen os *Seis sonetos* para violín e piano (1922), a ópera cómica *El giravolt de maig* (*O cambio de maio*) (1927-28), *La filla del marxant* (*A filla do marchante*) (1934) e o ciclo vocal *La rosa als llavis* (*A rosa nos labios*) (1936). *Vistes al mar* (*Vistas ao mar*), unha das súas obras máis populares, foi composta en 1921 e estreada polo cuarteto Renaixement o 31 de maio dese ano no Palau de la Música Catalá. Inspirada en tres poemas de Joan Maragall aínda que allea a intencións descritivas, a partitura leva como subtítulo *Evocacións poéticas*. Rafael Ferrer efectuou a orquestración para cordas empregando a realizada por Toldrá en 1927 para o segundo movemento co título de *Nocturn*. Tanto o *allegro con brio* inicial como o *molto vivace* conclusivo adoitan a forma sonata. Os seus temas, radiantes e luminosos, contrastan coa atmosfera contemplativa que reina no melancólico *lento* central.

### **S. Prokofiev: *Concerto para violín núm. 2 en sol menor, op. 63***

A composición, en 1935, do último concerto para violín de Prokofiev reflicte a existencia nómade do compositor. Segundo as súas memorias, “escribín o tema principal do primeiro movemento en París, o primeiro tema do segundo movemento en Voronezh, terminei a orquestración en Bakú e a estrea tivo lugar en Madrid”. O encargo partiu dun grupo de admiradores do violinista Robert Soëtens, que estreou a obra o 1 de decembro de 1935 no Monumental Cinema con Fernández Arbós á fronte da Sinfónica de Madrid. A presenza de Prokofiev na sala debeuse á coincidencia cunha xira de concertos que levou ao compositor e a Soëtens por España, Portugal e norte de África.

Última obra composta en Occidente antes do seu regreso definitivo á URSS, o *Concerto para violín núm. 2* participa

dese novo estilo, máis accesible e exento de asperezas vangardistas, que estoupará con forza en *Romeo e Xulieta*. O *allegro moderato* debuta cun tema resignado, con ecos de melodía popular rusa, exposto polo solista sen acompañamento, que contrasta co ardor do segundo motivo. Tras uns *pizzicati* a cargo da corda, o primeiro motivo exposto polo violín no *andante assai* central posúe resonancias neobarrocas. O seu lirismo sereno e luminoso, arroupado por unha orquestra de extrema dozura, emparéntao coas escenas amorosas de *Romeo e Xulieta*. Prokofiev esquece no nervioso rondó conclusivo (*allegro, ben marcato*) a fantasía anterior para propor un discurso agresivo e punzante. O seu talante irónico asoma nesta páxina, reminiscente dalgúns aires xitanos propios de moitos finais de concertos decimonónicos. Quíxose ver no emprego de castañuelas unha alusión á música española, como unha chiscadela de Prokofiev cara ao público que presenciou a estrea e os concertos ofrecidos na madrileña Asociación de Cultura Musical.

### **F. J. Haydn: Sinfonía núm. 31 en Re maior “Chamada de trompa”**

Do mesmo xeito que as sinfonías núm. 28, 29, 30 e 34, a *Sinfonía núm. 31 en Re maior*, afín na súa estrutura á *Sinfonía núm. 72* escrita pouco antes, foi composta por Haydn en 1765 para un conxunto instrumental nada frecuente, responsable de que nas súas primeiras edicións a obra aparecese titulada como “Sinfonía concertante”: violín, violoncello e contrabaixo solistas, frauta, dous óboes, catro trompas e cordas.

A fanfarra a cargo das trompas que sinala o arranque do *allegro* inicial non ten, segundo Vignal, connotacións cinexéticas senón militares. O inmediato tema da primeira trompa -a modo de corno de postillón- xa foi utilizado por Haydn no *Divertimento con catro trompas* Hob II D22. A fanfarra militar do inicio reaparece con idéntico ímpeto na conclusión do movemento. O *adagio*, para catro trompas, violín e violoncello solistas e cordas, salienta o carácter concertante da partitura. Coloreado polo doce timbre dos óboes, moi presentes no *trío* central, o delicioso *menuet*, de finura instrumental irresistible, evoca a frescura e rusticidade das danzas ao aire libre. Un *moderato molto* de soberbia construción en forma de tema (ou marcha solemne) e sete variacións nas que desfilan todos os instrumentos, coroadas polo regreso da fanfarra inicial, culmina a obra.

**Juan Manuel Viana**

## **REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

**Antoni Ros Marbà, director titular**

*Maximino Zumalave, director asociado*

*Paul Daniel, principal director invitado*

**Violíns I:** Teimuraz Janikashvili, concertino invitado

Adriana Winkler, axuda de concertino

Anca Smeu \*\* / Michal Ryczel

Claudio Guridi / Daniel Kordubaylo

Julia Petrushevskaja / Ildikó Oltai

Victoria Jurov / Anna Alexandrova

Ilya Fisher

**Violíns II:** Grigori Nedobora \* / Nikolai Velikov \*\*

Kiyoko Ohashi / Samira Ajkic

Enrique Roca / Elina Viksne

Gyula Vadaszi / Irina Gruia

Helena Sengelow

**Violas:** Tilmann Kircher \* / Natalia Madison \*\*

Teresa Cardoso / Timur Sadykov

Oxana Bakulina / Ionela Ciobotaru

Anne Schlossmacher

**Violoncellos:** Plamen Velev \* / Barbara Switalska \*\*

Ailsa Lewin / Palmira Martínez

Carlos García / Thomas Piel

**Contrabaixos:** Carlos Méndez \* / Alfonso Morán \*\*

Oriol Xicart

**Frautas:** Laurent Blaiteau \* / Luis Soto \*\*

**Óboes:** Christina Dominik \* / Esther Viúdez \*\*

**Clarinetes:** Beatriz López \* / Vicente López \*\*

**Fagotes:** Juan Carlos Otero \* / Manuel Veiga \*\*

**Trompas:** Jordi Ortega \* / Xavier Ramón \*\*

Martín Naveira <sup>(R)</sup> / Javier González \*\*\*

**Trompetas:** Javier Simó \* / Ramón Llåtser \*\*

**Timbal:** José Vicente Faus

**Clave:** Simona Kantcheva <sup>(R)</sup>

**PRÓXIMOS CONCERTOS**  
**BANDA SINFÓNICA DO CONSERVATORIO SUPERIOR**  
**DE MÚSICA DA CORUÑA**

**ABRAHAM CUPEIRO, DIRECTOR**  
**ÁLVARO BLANCO, PIANO**

**MARTES, 14 DE FEBREIRO DE 2012, 21.00 h**

Os abonados poderán recoller as súas invitacións no Teatro Principal de 18 a 21 h. (de martes a sábado).  
O día do concerto no Auditorio de 18 a 21 h.  
(Entradas sen numerar)



AUDITORIO DE GALICIA

Av. do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Teléfonos.: 981 552 290  
981 574 152 / 981 574 153  
Venda telefónica:  
981 571 026 / 981 573 979  
Fax: 981 574 250 / 981 572 292

[www.auditoriodegalicia.org](http://www.auditoriodegalicia.org)  
[info@auditoriodegalicia.org](mailto:info@auditoriodegalicia.org)

**REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**  
**JUANJO MENA**  
**DIRECTOR**

B. MARTINU

Sinfonietta La Jolla, op. H. 328

Concerto para óboe e pequena orquestra, H. 353

**STEFAN SCHILLI**  
**ÓBOE**

L. v. BEETHOVEN

Sinfonía núm. 7 en La maior, op. 92

**XOVES, 16 DE FEBREIRO DE 2012, 21.00 h**



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Baixo o mecenado de:  
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

TELEVÉS



CONSORCIO DE  
SANTIAGO